ACHEGAS DO SINDICATO NACIONAL DE CC.OO. DE GALICIA Ó ANTEPROXECTO LEI DE CULTURA INCLUSIVA

Consideracións xerais

1. Incorporar na Exposición de Motivos que foi obxecto de ditame no CES.
2. Máis que unha norma parece unha declaración de intencións: técnica lexislativa estupenda, respecto das formas, etc.. pero ningún tipo de compromiso. Non parece que teña MEMORIA ECONÓMICA, o que reflicte a escasa vontade de transformar en accións concretas os compromisos declarativas.
3. A lei ten unha boa intención pero si non vai acompañada dun Plan de acción, estratexia, horizonte ou prazos para acadar os obxectivos previstos, o que temos é unha mera campaña de marketing.
4. Que o prazo para o desenvolvemento normativo do Observatorio da cultura inclusiva sexa dun ano indica ás claras a pouca vontade executiva da norma.
5. O mesmo que establecer un prazo dun ano para que a Consellería defina "os contidos" non a execución dos plans de accesibilidade e inclusión previstos no artigo 9.

Consideracións particulares

Artigo 3. Principios reitores

Así como os obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos vinculados coa creación, xestión, conservación, gozo, promoción e difusión da cultura, para seren comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade e do xeito máis **autónomo e natural posible.**

Demasiado ambiguo. Pensamos que deberá concretar máis, porque tal como está redactado solo é unha declaración de boas intención. Quizais quitando a palabra "posible" mellore o que quere dicir.

Este principio supón partir dun enfoque de deseño para todas as persoas, sen prexuízo do uso de produtos de apoio e da adopción de **axustes razoables.**

De novo hai ambigüidade. Entendemos que deben ser os axustes necesarios, non os razoables.

Artigo 4. Obxectivos

b) Promover o acceso de todas as persoas, independentemente das súas condicións persoais, sociais ou territoriais, aos recursos e servizos culturais, para o que se facilitarán os apoios e **axustes razoables** que procedan

De novo debe substituírse a palabra razoables por necesarios.

Artigo 9. Eliminación de barreiras

1. As Administracións públicas e as entidades privadas establecerán os medios e os procedementos para tender á eliminación progresiva das barreiras de carácter físico, cognitivo, comunicativo, social ou territorial que poidan limitar a participación na cultura en Galicia.

Non pode quedarse en **"tender á eliminación progresiva"**. Deberá recoller obxectivos concretos con prazos marcados.

4. Os axentes culturais responsables dos equipamentos, das programacións e do resto de tipoloxías de actividades culturais que se desenvolven en Galicia **velarán pola elaboración** dun plan de accesibilidade, no que se detalle a situación de partida e as melloras que cómpre realizar; e dun plan de inclusión, que concrete as actividades e accións que cómpre implementar para o goce da actividade por parte de todo tipo de públicos.

Cremos que debe ir máis alá. Non "velarán" senón que "esixirán a elaboración dun plan de accesibilidade".

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2023